



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 7 de maio de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 7 de maio de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/05/2018, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/1224

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Enrique Manuel Rodríguez Barreiro SL** (HIPERFERRO) o subministro de ferro para reforma do cobertizo existente no recinto de Obras, por un importe total de 3.409,20 € (IVE incluído) con cargo á partida 453.63200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1437

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Instalaciones Ecovila SL** para o subministro dun silo para almacenaxe de pellets na caldeira da Biblioteca Municipal, por un importe total de 1.726,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1870

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Luisa Arroyo Euba, en representación de **Asociación Española contra o Cancro**, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa, con dúas cadeiras, na Rúa Alejandro Cereceo (Los Pepes), o día 28 de abril, en horario de 10 a 13 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/1871

Dáse conta de escrito de **Dona Isabel Quintáns Muñiz** dando queixa de que con motivo das obras de peatonalización da Praza de Galicia o autobús que fai a liña Carril-Vilagarcía-Vilaxoán tarda moito máis tempo en facer o percorrido e por motivos de traballo séntese prexudicada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar á Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas) o incremento de servizos nas liñas urbanas actuais.

PRP2018/1872

Vista a proposta do Director Deportivo da Fundación de Deportes e o informe da FPSDM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a fixación do prezo público relativo á cota de inscrición do IX Triatlón Concello de Vilagarcía 2018, que se vai a celebrar o día 13 de maio, sendo o prezo de 60,00 €/equipo (4 a 6 participantes).

Dar conta á Policía Local.

PRP2018/1873

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** un servizo de desprazamento e reparación, in situ, das wifi dos edificios municipais, por un prezo de 45 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, para cada actuación, incluíndo o prezo de desprazamento e man de obra para cada centro que presente unha avaría. O número de intervencións previstas para o presente ano estímase en 25, establecéndose un importe estimado de 1.125,00 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1874

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M^a Angeles Giménez Borja** solicitando a realización de análises de auga do pozo, en Rúa Coruxo 25-Cornazo.

Dáse conta do informe da Empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Espina & Delfín.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non corresponde a realización das análises por parte do Concello, dado que a auga non procede a rede de distribución municipal.



PRP2018/1875

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con vairas queixas de usuarios da vía, pola colocación dun colector de recollida de roupa usada na Avda. As Carolinas nº 56, que dificulta a visibilidade do paso de peóns situado uns metros máis adiante.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a mover o colector da situación actual a uns metros antes dos actuais colectores de lixo e recollida selectiva existente no lugar.

PRP2018/1880

Vista a proposta da habilitada de Caixa Fixa M^a José Martínez Vidal, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar o prego de condicións presentado pola Empresa **Supervisión y Control SL** para a realización das revisións periódicas dos vehículos municipais, modificando o punto 8 do mesmo, no que se refire ao medio de pago, procedéndose a realizar o mesmo mediante transferencia bancaria a favor da citada Empresa, a través da conta da habilitada, unha vez realizadas todas as comprobacións das facturas emitidas ao final de cada mes.

PRP2018/1882

Dáse conta di seguinte informe da Policía Local en relación co controis de alcoholemia e drogas realizados durante a noite do venres a o sábado, na Rúa Valle Inclán:

“Durante a noite do venres ao sábado se fixeron dous controis de alcoholemia e drogas, entre as 22:30 e as 00:30 horas na Avda. de Valle Inclán, 16 alcoholemias e 1 drogotest, todas elas con resultado negativo.

Entre a 01:45 e as 02:45 horas fixéronse 11 probas de alcoholemia e unha de drogotest, resultando un positivo en drogas.

Formuláronse catro denuncias por conducir con drogas no organismo, SOA, ITV e estacionar en plena calzada.

As 01:45 un vehículo deuse á fuga, saltando o control, motivo polo que foi seguido e atopado abandonado polo condutor”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1884

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Manuel Mariño García** solicitando a reposición da placa na Rúa Doutor Moreira Casal, que foi destruída no ano 2000, durante as protestas polos depósitos de Ferrazo, e non se procedeu á súa reposición.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se procederá a reposición da mesma.

PRP2018/1897

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa viabilidade do Campionato Galego de Triatlón por equipos contra reloxo, que se vai a desenvolver o día 13 de maio en horario de 9:00 a 14:15 horas, no que se expoñen as medidas a adoptar por parte da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación á realización do devandito Triatlón, debendo levarse a cabo as actuacións descritas no informe da Policía Local de 2 de maio de 2018.

PRP2018/1924



Vista a proposta da Tesourería Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Lefebvre-El Derecho SA** para a subscrición a “EL DERECHO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MEMENTOS” en formato electrónico, con 3 licenzas de acceso concorrentes, por un importe total de 2.982,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22001, cunha duración do contrato de 12 meses.

Dado que a empresa oferta 5 meses de subscrición gratuíta, correspondería realizar a renovación (de selo caso) en outubro de 2019.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/1894

Dáse conta da lista provisional de nenas e nenos admitidas/os e lista de agarda da Escola Infantil Municipal para o curso 2018-2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á mesma.

PRP2018/1895

Dáse conta da apertura do prazo de inscrición para a Escola Infantil de Verán dende o 14 ao 31 de maio de 2018, de conformidade co establecido no Artigo 7.3. do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

A Xunta de Goberno queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/1907

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización do Festival Internacional de Música Clasclas 2018, que se celebrará entre os días 28 de xuño e 8 de xullo de 2018, por un importe total de 71.613,89 €, condicionado o gasto á aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio de 2018:

- Aportación municipal: 53.724,48 €

- Aportación empresas colaboradoras e patrocinadoras do Festival: 17.889,41 €

As empresas colaboradoras do Festival que realizan aportacións en especie non cuantificables son as seguintes:

- Pazo de Rubiáns: cesión de espazos o día 01/07/2018 con visita guiada e cocktail posterior. Por outra banda facilita o viño para as presentacións do festival.

- Pazo Golpelleira: cesión de espazos os días 3 e 5 de xullo de 2018 para a realización de dous concertos.

- Radio Galega: gravación gratuíta de varios concertos do festival.

- Foro Cultural de Austria: financiación directa de dúas participantes no programa YAP.

- Ruta Xacobeá: aportación de 50 exemplares de dúas guías turísticas da comarca.

- Hinves Pianos: prezo especial no aluguer dos dous pianos e promoción do festival.

- Sens Catering: prezo especial no servizo de catering do Pazo da Golpelleira os días 3 e 5 de xullo.

- Hotel Castelao: cesión de espazos e unha habitación dobre para o programa YAP



PRP2018/1908

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, en relación co resultado da selección e adxudicación de becas do Programa de Novos Valores Internacionais – YAP – do Festival Clasclas, despois de publicar as bases na web do Festival e recibidas un total de 89 solicitudes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a listaxe definitiva de alumnado seleccionado para participar no programa YAP do Festival Internacional de Música Clasclas .

Segundo: Aprobar a listaxe de alumnado becado con axuda de desprazamento por un importe total de 1.400,00 €, con cargo á partida 3261.48003, sendo o sistema de aboamento das becas mediante provisión de fondos a xustificar.

Terceiro: Aprobar os gastos de aloxamento de dez alumnos/as do programa YAP do Festival, por un importe total de 2.379,50 €, con cargo á partida 3261.22606, sendo o sistema de aboamento das becas mediante provisión de fondos a xustificar.

PRP2018/1909

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Musica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Autorizar a realización das prácticas –internship – de Dona Ruth Andrea Rodríguez Rivera, natural de México, no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía ao longo da realización do Festival Internacional de Música Clasclas, do 7 de maio ata o 13 de xullo de 2018, procedente do “Master of science in management and entrepreneurship in the creative economy” de Audiencia Business Schol impartido en Nantes, Francia.

Segundo: Autorizar o gasto a favor de Mutua General de Seguros das pólizas de seguro de responsabilidade civil e accidentes para dar cobertura á estadia para realización das prácticas de Dona Ruth Andrea Rodríguez Rivera, por un importe total de 198,02 €, con cargo á partida 3261.224, coa seguinte desagregación:

- Seguro de accidentes. 52,80 €
- Seguro de responsabilidade civil: 145,22 €

Terceiro: Aprobar o gasto de concesión dunha axuda económica –beca- de 500,00 €, con cargo á partida 3261.48003, a Dona Ruth Andrea Rodríguez Rivera, a aboar mediante provisión de fondos a xustificar: 250 € ao inicio do programa e 250 € ao finalizar o Festival.

Sanidade

PRP2018/1896

Dáse conta de escrito de D. Daniel Ramil Díaz, en representación da **Asociación Provincial de Taxistas de Pontevedra Capital e Municipios da Provincia**, en relación co escrito do Concello relativo á obrigatoriedade de aboamento dos gastos da cabina de teléfono existente na parada situada na Rúa Conde Vellellano e comunicando que os titulares das licenzas con número 14, 19, 22, 23, 24, 25, 29, 30, 36, 37, 41 e 44 se negan a pagar as cotas correspondentes, co conseguinte prexuízo para o resto dos titulares de licenzas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar aos titulares das licenzas indicadas que deberán aboar a débeda pendente, así como as cotas dos gastos da cabina de teléfono existente que se orixinen ata a supresión do servizo, o 31 de decembro de 2018.

Mercados

PRP2018/1898



Dáse conta do escrito presentado por **D. Antonio León Barrul**, solicitando que se lle renove o permiso para a venda no mercado de Vilagarcía de Arousa ao ter a documentación necesaria para seguir exercendo a venda, tal e como viña facendo.

Dáse conta do informe do Servizo de Mercados no que indica que o Sr. León Barrul non dispón da correspondente tarxeta que lle permita exercer a venda ambulante neste momentos. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberá reunir as condicións para exercer a venda ambulante e poñerse en contacto co Servizo de Mercados co obxecto de que se lle indiquen os postos que están libres e poida solicitar, con carácter provisional, en precario, e solicitar despois a correspondente tarxeta ambulante, coa documentación pertinente.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2018/1899

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Cine Club Ádega** para a proxección da obra “A Palabra Xusta”, con motivo da celebración das Letras Galegas 2018, por un importe total de 463,00 € (IVE exento), con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1900

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Aitana Cuétara Yáñez (LUNEDA PRODUCCIÓN)** para a actuación de Davide Salvado e Pedro Pascual o día 17 de maio en O Carril, con motivo da celebración das Letras Galegas 2018, por un importe total de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/1901

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización das Xornadas de coeducación e diversidade sexual, os días 24 e 31 de maio, a partir das 16:30 da tarde, na Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, por un importe total de 813.30 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- **Senes Cit SL** pola Ponencia e participación na Mesa de “Xornadas: Xénero e Diversidade Afectivo Sexual nas Aulas. Feramentas e experiencias educativas”, por un importe total de 363,00 €
- **Asociación Nós Mesmas**, pola organización e participación das xornadas de formación do profesorado en DAXeX o 31 de maio de 2018, por un importe total de 450,30 €



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1902

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Juan Piñeiro Bernárdez** para o deseño, maquetación e impresión de material para a realización dunha exposición itinerante “12 anos premiando a igualdade nos centros”, por un importe total de 3.672,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/1903

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 29 de setembro de 2017 concedeuse a este concello a cantidade de 99.999,99€, con destino ao financiamento do investimento “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre”, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), remitiuse invitación ás seguintes empresas: Construcciones y Promociones Salpor, S.L.; Construcciones Valiñas, S.L.; Constructora Ediserpo, S.L. e Grupo Oresa, S.L.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (ive excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Zona de Obra O Rosal, S.L.	63.636,36€	*13.363,63€	76.999,99€
Actividades de construción edificación y viales, S.L.	80.950,41€	16.999,59€	97.950,00€
Jstop Obras y Servicios, S.L.	82.644,62€	17.355,37€	99.999,99€
Denuovo Punto Creativo, S.L.	80.528,92€	16.911,07 €	97.439,99 €
Edigrup Global, S.L.	58.016,53€	12.183,47 €	70.200,00 €
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	98.550,81€	20.695,67 €	119.246,48 €
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	74.380,17€	15.619,84 €	90.000,01 €
Construcciones Abal, S.A.	82.644,62€	17.355,37 €	99.999,99 €
Globalia Urbanismo Integral, S.L.	61.354,62€	12.884,47 €	74.239,09 €

Con data 8 de decembro de 2017, o Órgano de Contratación, a vista de que a oferta presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. (119.246,48€) excede do prezo de licitación (99.999,99 euros), de conformidade co establecido no artigo 84 do Real Decreto 1098/2011, de 12 de outubro, acorda excluír ao licitador mencionado, ao superar a súa oferta o prezo de licitación do contrato.

Efectuada a rolda de negociación do contrato, preséntanse a seguintes ofertas melloradas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Construcciones Abal, S.A.	82.644,62 €	17.355,37 €	99.999,99 €
Globalia Urbanismo Integral, S.L.	56.839,04 €	11.936,20 €	68.775,24€
Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	61.942,15 €	13.007,85 €	74.950,00 €



Denuovo punto Creativo, S.L.	77.082,64 €	16.187,35 €	93.269,99 €
Edigrup Global, S.L.	58.000,53 €	12.180,11 €	70.180,64 €
Jstop Obras y Servicios, S.L.	77.686,00 €	13.314,06 €	94.000,06 €
Zona de Obra o Rosal, S.L.	55.371,90 €	11.628,10 €	67.000,00 €

En canto a empresa que non presenta oferta mellorada nesta rolda de negociación enténdese que a súa oferta económica definitiva é a presentada inicialmente sendo esta seguinte:

Licitador	Oferta (ive excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	74.380,17€	15.619,84 €	90.000,01 €

Aplicados os criterios de adxudicación previsto nos pregos que rexen a licitación a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

LICITADOR	Oferta excluído	IVE	Puntos económica oferta
ZONA DE OBRA O ROSAL	55.371,90 €		100,00
GLOBALIA Urbanismo Integral	56.839,04 €		94,62
EDIGRUP GLOBAL	58.000,53 €		90,36
ACEVI	61.942,15 €		75,91
MARCONSA	74.380,17 €		30,30
DENUEVO PUNTO CREATIVO	77.082,64 €		20,39
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS	77.686,00 €		18,18
CONSTRUCCIONES ABAL	82.644,62 €		0,00

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre”, á empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B94106663), por un importe de 55.371,90€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 11.628,10€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 67.000,00€. (Proxecto (2) 01/68/2017).

2.- Nomear director de obra ao arquitecto redactor do proxecto don Iago Fernández Puentes.

PRP2018/1904

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de subministro de 50 libros de incidencias e 50 libros de ordes e asistencia, para entregar aos adxudicatarios das obras municipais de acordo co establecido na lexislación vixente, á Empresa **Baños Print, S.L.**, por un importe total de 1.594,78 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

Concepto	Prezo (IVE excluído)	IVE (21%)	Prezo (IVE engadido)
50 libros de ordes e asistencia	678,00 €	142,38 €	820,38 €
50 libros de incidencias	640,00 €	134,40 €	774,40 €
Total	1.318,00 €	276,78 €	1.594,78 €

PRP2018/1905

Dáse conta da expresión de interese de operación no marco da EDUSI a incluír no Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020 a seguinte operación: Creación de un parque metropolitano de unión mar-montaña (urbano-rural): Reforma y Humanización de la Plaza de la Independencia y un tramo de la Calle San Roque.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1906

Dáse conta de comunicación da Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e urbanismo comunicando o reaxuste dos importes das anualidades nas que se ten distribuída a axuda concedida ao abeiro da Orde de 20 de abril de 2007 para a Revisión do PXOM, quedando establecida no seguinte cronograma de execución:

Fases de execución	Porcentaxe	Importe	Anualidades	
2º Ab. Pres. para informe previo á A.I.	20%	53.420,40 €	2018	53.420,40 €
3º Ab. Aprobación Inicial	20%	53.420,40 €	2019	53.420,40 €
4º Ab. Aprobación Provisional	20%	53.420,40 €	2020	53.420,40 €
5º Ab. Aprobación Definitiva	20%	53.420,40 €	2021	53.420,40 €

Ademais do cumprimento dos requisitos establecidos na orde reguladora de concesión da axuda, para facer efectivo o pagamento de cada unha das fases de execución deberase presentar a correspondente declaración de outras axudas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se dea conta ao Pleno da Corporación Municipal.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/1954

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información salarial das Administracións Públicas (ISPA), relativa ao exercicio 2017, regulada no artigo 6 de Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e no artigo 7.4 da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1955

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información relativa ó esforzo fiscal correspondente ao exercicio de 2016.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1959

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 3.345,14€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/24):

Nº Registro Factura	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/1413	2018 2412 22199	7,35	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	2,412 COPIAS DE MAQ.W915PC05484 MOD.: MP-301SPF Anterior NEG= 7968 ; Actual NEG= 10380 Ubicacion: AGUSTIN ROMERO, 52 1º
F/2018/1413	2018 2412 22199	7,36	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	2,412 COPIAS DE MAQ.W915PC05484 MOD.: MP-301SPF Anterior NEG= 7968 ; Actual NEG= 10380 Ubicacion: AGUSTIN ROMERO, 52 1º
F/2018/1888	2018 2412 22199	431,99	PRONESI, C.B.	PACK BAÑO PARA O.E. LABORA@XOVE.
F/2018/1889	2018 2412 22199	1.785,00	PRONESI, C.B.	PACKS LEGEA PARA O.E. LABORA@XOVE.
F/2018/2024	2018 2412 22199	36,30	IMPRONTA GRAFICA, S.L.	IMPRESIÓN DE 15 POSTER, LABOR@XOVE.
F/2018/2602	2018 2412 22799	802,00	ARREPIONS, C.B.	DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS DE SALVAMENTO EN RÍO.



F/2018/3095	2018 22799	2412	33,14	SERVICIO, CULT., DEP. Y RECRE	Prestación de servicios deportivos na Piscina Municipal de Vilagarcía. / 3 Horas reserva calle piscina grande. / Servi
F/2018/3147	2018 22199	2412	242,00	CLECE, S.A.	Rect. 0214800002118F / SERVICIO EXTRAORDINARIO DE LIMPIEZA EN LAS INSTALACIONES DE LA ESCUELA OBRADOIRO, CON MOTIVO DE
TOTAL			3.345,14		

PRP2018/1960

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 3.065,23€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/49):

Nº Registro Factura	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre	
F/2018/2137	2018 22199	2412	42,65	COPYMARCAJE, S.L.	SUBMINISTRO SELLO AUTOMATICO 4925 FONDO EUROPEO. O.E. LABORA@XOVE.
F/2018/2138	2018 22199	2412	46,80	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	SUBMINISTRO MANUAL MODULO FORMATIVO E MANUAL ED. COLOR PREVENCION. O.E. LABORA@XOVE.
F/2018/2182	2018 22199	2412	396,78	FORMAGAL FORMACION Y SERVICIOS, S.L.	HONORARIOS ASISTENCIA TECNICA PARA ORGANIZACION E IMPARTICION CURSO INSER. LAB. E TEC. BUSQ. EMPREGO E CREACION EMPRESA.
F/2018/2182	2018 22199	2412	408,22	FORMAGAL FORMACION Y SERVICIOS, S.L.	HONORARIOS ASISTENCIA TECNICA PARA ORGANIZACION E IMPARTICION CURSO INSER. LAB. E TEC. BUSQ. EMPREGO E CREACION EMPRESA.
F/2018/2648	2018 22199	2412	337,02	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/02/2018 - 01/03/2018 873,3 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUST
F/2018/2648	2018 22100	135	449,36	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/02/2018 - 01/03/2018 873,3 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUST
F/2018/2648	2018 22199	2412	337,01	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/02/2018 - 01/03/2018 873,3 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUST
F/2018/2650	2018 22199	2412	314,22	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 05/01/2018 - 31/01/2018 814,23 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUS
F/2018/2650	2018 22100	135	418,95	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 05/01/2018 - 31/01/2018 814,23 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUS
F/2018/2650	2018 22199	2412	314,22	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 05/01/2018 - 31/01/2018 814,23 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUS
TOTAL			3.065,23		



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B

PRP2018/1961

Dáse conta do escrito do Tribunal de Cuentas no que solicita que, no prazo dun mes, se detallen as subvencións concedidas durante os exercicios 2016 e 2017 aos grupos políticos desta Corporación Local, especificando o concepto, importe recoñecido e pagos realizados. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.